

4º EDUCACIÓN INFANTIL

PERÍODO DE ADAPTACIÓN CURSO 2022/23

O período de adaptación é o intervalo temporal que nenas e nenos precisan para asimilar os cambios producidos na súa vida, contorno e ambiente ao incorporarse ao centro escolar, é dicir, ao pasar dun ambiente que coñecen e dominan a outro descoñecido e, en moitos casos, vai supoñer tamén a primeira separación das figuras de apego.

Por iso a escola ten deseñado, tal e como indica a lexislación vixente, un plan para este período no que se irá aumentando o tempo de estancia na aula. Deste xeito o neno/nena irá adaptándose ao horario completo e sentirá menos a vosa falta. É importantísimo que confíedes no noso labor para que os nenos e nenas tamén se sintan confiados ao vir á escola. Este período de adaptación require a implicación de todos. É normal que esteades preocupados pola entrada do neno/a por primeira vez na escola, pero tede en conta que este é un momento moi importante e tedes que procurar que vos vexa contentos.

Cales son os obxectivos deste período de adaptación?

- Facilitar o tránsito dun espazo familiar cunhas relacións coñecidas a outro espazo escolar con novos tipos de relación.
- Conseguir que a adaptación do alumnado á escola sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.
- Diminuír a tensión, o medo, a angustia e a ansiedade creados polo cambio de situación, centrándonos no axuste a un medio físico, a unha organización temporal diferente e a un mundo relacional distinto.
- Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado (as súas preferencias, o seu desenvolvemento, a súa autonomía, a aceptación de límites...) para mellorar o coñecemento mutuo.
- Favorecer a sensación de seguridade na nova situación escolar.
- Xerar relacións vinculares entre nenas e nenos, as súas familias e o profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.

O PERÍODO DE ADAPTACIÓN abarcará do día **8 ao 16 de setembro**, estarán divididos en dous grupos e acudirán por quendas.

4º Educación Infantil A

GRUPO AZUL

Noa A.B, Gael, Xoel, Aroa, Román, Mateo, Fabio, Enrique, Rubí, Xian, Laura, Sabela

GRUPO VERDE

Noa, G.A., Liam, Sara, Carla, Matías, Erik, Vega, Samuel, Carlota, Adrián, Alma, Ariadna, Cloe

GRUPOS	DÍAS	QUENDA
GRUPO azul	8,9	<u>1ª quenda</u> de 9:30 a 12:00
	12,13	<u>2ª quenda</u> de 14:20 a 16:00
GRUPO verde	8,9	<u>2ª quenda</u> de 14:20 a 16:00
	12,13	<u>1ª quenda</u> de 9:30 a 12:00

Aínda que neste período de adaptación non o recomendamos, o alumnado da 1ª quenda poderá facer uso do transporte ao entrar e os da 2ª quenda ao saír.

Os días 14,15 e 16 de setembro acudirán os dous grupos xuntos de 9:30h a 12:50h e poderán facer uso do autobús de entrada e do comedor.

A partir do día 19 de setembro farán o horario completo, de 9:30h a 16:00h.

**REUNIÓN COAS FAMILIAS DE 4º EDUCACIÓN INFANTIL
5 DE SETEMBRO DE 2021**

O **luns 5 de setembro** ás 9:30 h teremos unha reunión para presentar á titora/titor e informar dos principais aspectos de funcionamento e organización deste curso.

Levarase a cabo na aula de 4º de Educación Infantil.

Por motivos de aforo só poderá asistir un pai/nai por familia. Non poden vir acompañados dos nenos ou nenas.

É unha reunión importante polo que esperamos a vosa asistencia. En caso de que por algún motivo alguén non poidese asistir, pode poñerse en contacto coa titora. (TLF 881880500) ou co equipo directivo no mail cpi.cruce@edu.xunta.gal

Gracias pola vosa colaboración.

Un saúdo.

A directora, Gema Castro Pico